



ACTA DE ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

EMPRAZAMENTO: Sala de usos múltiples do Edificio Infantil - Primeiro Ciclo de Primaria do CEIP Ramón María del Valle Inclán

DÍA: luns 17/07/2023

HORA INICIO: 19:00 horas en 1ª convocatoria e 19:40 horas en 2ª convocatoria

HORA FINALIZACIÓN: 21:30 horas

NÚMERO DE ASISTENTES: 40

Segundo a ORDE DO DÍA:

1. Memoria final da ANPA do curso 2022-2023.

Unha nai pregunta pola organización os talleres de educación afectivo sexual celebrados no colexio e a subscripción á revista Pantera que a ANPA fixo para a Biblioteca escolar. O Equipo Directivo do CEIP, o Departamento de Orientación e os docentes propuxeron a posibilidade de facer os obradoiros polo interese que ten para o alumnado. A Xunta Directiva da ANPA apoiou as propostas e o seu custo foi incluído na subvención que a ANPA solicita ó Concello. Lémbrese que os estatutos da ANPA recollen como función principal colaborar co centro e a comunidade educativa para promover actividades de interese educativo.

Un pai pregunta pola subvención de comedor concedida pola Xunta. Explícase que as bases da mesma recollen que debe ser repartida entre os usuarios. Por iso no mes de xuño a cota foi reducida proporcionalmente a cada familia que fai uso do servizo.

2. Presentación da proposta de actividades extraescolares para o curso 2023-2024.

Preséntase unha única proposta coa intención de ofrecer un servizo de calidade, profesionalizar a oferta con persoal especializado e equiparar as extraescolares a outros colexios del concello. Continúase cos clubs do curso pasado e búscanse novas entidades colaboradoras. Preténdese fomentar actividades con clubs da contorna para que o alumnado poida continuar coa práctica da actividade unha vez rematada a etapa escolar.

O curso pasado chegou a haber 29 actividades. Na proposta actual ofrécense 16 actividades. Mantéñense as que tiveron mais inscricións o curso pasado. Este ano o ratio mínimo é de 10 alumnos para que sexan viables.

Explícase a necesidade de optimizar o uso dos espazos, coma o pavillón municipal, que é reclamado por clubs externos. A ANPA leva anos negociando co concello manter o uso do pavillón, e é preciso que se lle saque partido. Non se poden desenrolar actividades sen un número de alumnado mínimo.

Preguntan se en caso de que en Robótica haxa mais alumnos se abrirían mais grupos. Explícase que a empresa proporcionaría máis profesores se fose preciso. A subvención foi solicitada para un único grupo inicial. Será en función da demanda cando se poida determinar.



Con respecto ás actividades do curso pasado explícase que Inglés-mini deixouse un único día por semana porque non había ratio. En Fútbol non había ratio. Judo puido formar grupo unindo a alumnado cun rango de varias idades.

Preguntan por Música e movemento e explícase que tivo unha grande demanda.

Preguntan se Balonmán si se mantería para infantil y explícase que si, coma no curso pasado, a partires de 6º E.I.

Preguntan pola data de inscrición nas actividades. Explícase que se a proposta se aproba, o cuadrante e as inscricións saíran canto antes. Inda están pendentes algunhas confirmacións dos clubs para poder encaixar os horarios.

Preguntan pola posibilidade de probar as actividades. Explícase que se debe estudar esta opción, e de ser posible, sería no mes de setembro.

3. Presentación da proposta de unificación dos servizos de mañanceiros e comedor para o curso 2023-2024. Oferta de novos servizos: servizo de cambiadores.

Explícase que coa xestión integral do servizo, Jardanay subrogará ós traballadores e os formará para ofrecer un servizo profesional.

Con esta modalidade de xestión, Jardanay podería aportar o servizo de cambiadores para as familias que o contraten dende a hora de madrugadores ata comedor (de 7:30 a 16:00) incluíndo o horario lectivo.

Preguntan de que forma será a comunicación coa empresa. Explícase que será máis áxil que ata o de agora, posto que se eliminan os intermediarios e as familias poderán comunicarse directamente coa empresa para calquera cambio ou eventualidade.

Preguntan cando se poderán apuntar ó comedor. Explícase que se a proposta é aceptada a empresa poñerá a plataforma a disposición das familias canto antes.

Preguntan polo número de monitores. Explícase que será en función do número de usuarios.

Preguntan se o monitorado será subrogado. Explícase que por lei a empresa saínte ten a obriga de facilitar toda a información requirida para elo á nova empresa. Explícase que de momento, tras solicitalo en varias ocasións, ADC non proporcionou á ANPA ningún dato dos requiridos.

Algunhas familias expoñen que están satisfeitas co monitorado. Explícase que todos aqueles traballadores que estean interesados poderán continuar. Pregúntase se o monitorado foi consultado ó respecto. Explícase que a empresa será a encargada de achegar a oferta.

Unha nai expón que leva varios anos no colexio e os monitores cambian cada dous anos, dado que é un traballo que soe desenrolar xente nova que remata os estudos como unha forma de ter algo de experiencia profesional mentres buscan empregos nos seus respectivos campos.

Dadas as incidencias que o CEIP reportou sobre o monitorado (xa comunicadas con anterioridade á asemblea de socios), preguntan se de continuar os mesmos traballadores seguirán empregando o móbil. Explícase que a empresa formará ó monitorado, e haberá unha nova persoa de coordinación encargada de supervisar e velar polo bo funcionamento do servizo.



Algunhas familias expoñen que só se ten en conta a parte económica da nova proposta. Explícase que o motivo principal para o cambio proposto é profesionalizar o servizo e darlle calidade.

Preguntan se se está a ter en conta as preferencias das familias que queren continuar con ADC As Mariñas. Explícase que estase a presentar un punto e aparte na xestión, dado que a actual, como se expuxo en reiteradas ocasións ante a asemblea de socios, o CEIP, o consello escolar, o concello e a inspección educativa, resulta contraproducente para a calidade e o bo desenrolo dos servizos da ANPA.

Expoñen que sería necesario buscar outras empresas con maior calidade na comida, e preguntan se se pediron mais presupostos. Exponse que actualmente Jardanay é a empresa referente na contorna, outras opcións están fora da provincia e incluso da comunidade autónoma.

4. Aprobación das propostas para o curso 2023-2024.

Votos a favor: 16

Votos delegados a favor: 12

Votos en contra: 15

Votos delegados en contra: 0

Abstencións: 7

Votos delegados abstencións: 1

A proposta queda aprobada por maioría.

5. Información sobre a plataforma de xestión da ANPA.

Explícase que a ANPA disporá para o próximo curso dunha plataforma web e APP móbil a través da cal as familias poderán xestionar a darse de alta como socias, inscribirse nas actividades e consultar informacións varias dos servizos. Servirá para axilizar os trámites para as familias e profesionalizar a xestión administrativa da ANPA.

Os servizos de mañanceiros, comedor e cambiadores funcionará a través da plataforma de Jardanay.

6. Rogos e preguntas

Dúas nais solicitan cambiar a calidade da comida de comedor, con outra empresa ou adaptando os menús. Exponse que se transmitirá á empresa que se fagan todas as melloras posibles.

Unha nai pregunta polo menú vexetariano. Explícase que debe comunicalo á empresa cando se apunte no servizo.

En Perillo a 17 de xullo de 2023
Xunta Directiva ANPA Valle Inclán

Asinado

Asinado

Presidencia Xunta Directiva ANPA Valle Inclán

Secretaría Xunta Directiva ANPA Valle Inclán